

escribimos... e pintamos

Ana e Raquel

AS AVENTURAS de HARRY

5ºC

Hoxe mudeime coa miña familia a Munich, mamá, Sara, papá e Toby (o meu can). No cole, con Sara fixen amigos, Willy e Antía, son moi simpáticos e divertidos. No recreo todos dicían que French, o profe de francés, roubaba os libros. French non tivera infrancia (Ui! Perdón, infancia) porque estivera nun orfanato e non lle deixaban ler libros, pero a él encantáballe ler e por iso roubaba os libros.
*Emprendemos rumbo á súa casa coas mochilas cheas: lanternas, brúxulas, prismáticos, láser, para ver detrás das paredes, e tamén refrescos. A porta estaba pechada e tivemos que entrar pola ventá traseira. Despois de catro pasos, decatámonos que French estaba na ducha. Seguimos andando e... ¡¡¡"Hai unha caixa forte de tamaño real!!! Intentamos poñer a contraseña, e Sara dixo que puxeramos *584* porque é o seu número da sorte. Funcionou e atinamos!*
Atopamos un corredor con 278 trampas. Eu casi caio nunha , que era un buraco con serpes, e pensei : "co vello que é, como fixo tantas?". Vimos que ao final da sala había unha biblioteca cos libros de todos os meus amigos: O meu Diario de GREG, o Diario de NIKKI de Sara, o de GERONIMO STILTON de Willy, o de TEA STILTON de Antía,...
French saíu da ducha e foi ler un libro. E claro, descubreunos; correu detrás nosa e caeu nunha trampa.Recuperamos os libros e levámolos ao colexio.
¡Que felices estaban todos!LER mola mogollón. Agora sei que non foi tan mala idea mudarme e separarme dos meus amigos. Lembrade que, vaiades onde vaiades, sempre teredes amigos acompañándovos!...OS LIBROS!!!!

adiviñas dos sentidos

3ºB

Teño punta sen ser lápiz,
Son negro sen ser tinta
E teño 50 irmáns.
Quen son?

Estou aos laterais da cara,
son dous túneles pequeniños,
por alí pasan moitos coches
que van a rotonda da cabeza

Adiviña, adiviñanza,
36 cabalos brancos,
Rodean unha cova.
Como se chama esa cova?